


 <p>Wangari mantense firme. -O correcto é o correcto, aínda que quedes ti soa.</p>	 <p>Pero Wangari non está soa.</p>	<p>Por toda África difúndese a voz sobre as árbores, coma ondas nas augas do lago Victoria.</p>
 <p>Moitas mulleres entéranse da noticia, e sementan aínda máis árbores en filas cada vez máis longas.</p>	 <p>Os gromos botan raíces e medran moi alto, ata haber máis de trinta millóns de árbores</p>	 <p>onde antes non había ningún. O verde bosque de Kenya renace.</p>
 <p>As mulleres camiñan ergueitas, pois agora poden recoller leña preto das súas casas</p>	 <p>A terra xa non está seca. Batata, cana de azucre e millo medran novamente na terra fértil.</p>	 <p>O mundo enteiro escoita falar das árbores de Wangari e o seu exército de mulleres sementadoras.</p>
 <p>E se sobes ata o cumo do Monte Kenya verás millóns de árbores medrando abaixo, verás o verde que Wangari fixo renacer en África.</p>		

Adaptación da obra de Jeanette Winter



# WANGARI e as árbores da Paz

Adaptación da obra de Jeanette Winter - Edicións Ekaré

## 30 DE XANEIRO DE 2014



A terra estaba núa.  
A miña misión foi tentar vestila de verde.  
WANGARI MAATHAI









## DIA DA PAZ

BIBLIOTECA  
CEIP de Palmeira



Ilustracións: alumnado 4º E.P.

 <p>Wangari vive baixo as árbores, á sombra do Monte Kenia, en África.</p>	 <p>Escoita o canto dos paxaros cando vai coa súa nai apanhar leña para cociñar.</p>	 <p>Axuda na colleita da batata, a cana de azucre e o millo no sólo fértil.</p>
 <p>Wangari estuda moito e gaña unha beca para estudar nos Estados Unidos.</p>	 <p>Ao rematar os seus estudos, volve á súa casa en Kenya. Pero... <i>-Que pasou? Onde están as árbores?</i></p>	 <p>Ve ás mulleres encorvadas polo peso da leña que deben ir buscar moi lonxe. <i>-E os paxaros?</i></p>
 <p>Miles de árbores foron taladas para construír edificios. Ninguén sementou árbores novas. <i>-Converterase toda Kenia nun deserto?</i></p>	 <p>Wangari pensa na terra seca. <i>-Podo sementar algunhas árbores aquí no meu propio patio.</i> E plantou nove.</p>	 <p>As pequenas árbores prenden e Wangari anímase a seguir sementando. Comeza un viveiro nun descampado.</p>
 <p>Logo, dilles ás mulleres das aldeas que sementar árbores é unha cousa boa. Agasalla a cada unha cunha arboriña. <i>-A nosa vida será mellor cando teñamos árbores novamente. Estamos sementando as sementes da esperanza.</i></p>		

 <p>As mulleres vanse as súas aldeas e sementan longas ringleiras de</p>	<p>arboriñas... que se estenden coma un cinto verde por todo o campo. Os funcionarios do goberno rinse. <i>-As mulleres non poden facer isto.</i></p>	 <p><i>-Precísanse gardamontes profesionais para sementar árbores.</i></p>
 <p>As mulleres non fan caso das burlas e seguen plantando. É a primeira vez nas súas vidas que gañan cartos.</p>	 <p>Wangari págalles unha pequena cantidade por cada arboriña que despois de tres meses segue viva.</p>	 <p>A noticia espállase coma un murmurio de vento entre as pólas: o verdor está retornando á aldea de Wangari.</p>
<p>Axiña, as mulleres doutras cidades, pobos e aldeas de Kenya póñense tamén a sementar longas ringleiras de arboriñas.</p>	 <p>Pero a tala continúa.</p>	 <p>Wangari plántase firme coma un</p>
<p>carballo para protexer as vellas árbores que aínda quedan. <i>-Precisamos máis un parque que un edificio de oficinas.</i></p>	 <p>Pero os funcionarios do</p>	<p>goberno non están de acordo. Wangari impídelles o paso. Eles péganlle, dinlle que é unha alborotadora e lévana ao cárcere.</p>